0Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
Estratexias básicas para identificar, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.), a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos ás situacións propias do seu ámbito profesional de especialización e á vida cotiá.
Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística e cultural.
Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a
Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, na produción e na coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, tanto do ámbito profesional de especialización como do persoal.
Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a esas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas.
Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional en que se insire o ciclo formativo e do ámbito profesional.
Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados a eses padróns.
Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, aos padróns e aos elementos gráficos.
Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, a produción e a coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración para a aprendizaxe e a comunicación tanto no ámbito profesional de especialización como no persoal.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	As sociedades contemporáneas	17

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.2 Sinalouse e explicouse o proceso de unificación do espazo europeo e a súa relevancia na construción da sociedade española e galega, analizando a súa evolución e argumentando a súa influencia na política nacional
CA1.6 Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia desde o século XIX ata a actualidade no contexto xeral e máis próximo, e sinaláronse os principais modelos de organización social e política que se foron xestando
CA1.7 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas

4.6.e) Contidos

Contidos
Principais fitos da historia mundial, europea, española e galega: causas e consecuencias sociais, políticas, económicas e culturais, desde o século XIX á actualidade.
Diversidade social e multiculturalidade: integración e cohesión social en España como exemplo de país de migrantes.
Institucións e organizacións sociais, políticas e económicas na actualidade.
O compromiso social: mediación, resolución pacífica de conflitos e proxectos comunitarios.
Convivencia cívica e cultura democrática: incorporación e implicación na sociedade civil. O recoñecemento dos dereitos LGTBQ+
Organización social e política desde o século XIX ata a actualidade: a transformación política do ser humano (desde a servidume á cidadanía).
0Discriminacións: causas e consecuencias. Movementos cara á igualdade da muller, con exemplos de mulleres relevantes da historia contemporánea. Logro dunha efectiva igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
As relacións internacionais e o estudo de conflitos e violencias. O Holocausto

Contidos
Significado e función das expresións artísticas e culturais do período histórico que se aborda no curso, e exemplos puntuais de obras ou movementos artísticos significativos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	As sociedades democráticas	17

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e xeográficos, e a súa permanencia no tempo, procurando un mundo máis seguro e xusto baseado na valoración da cohesión social, da cooperación internacional, dos procesos da integración en Europa, dos valores democráticos e constitucionais, e da contribución do Estado e as súas institucións á consecución da paz e da seguridade cidadá	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron desde o século XIX ata a actualidade e os feitos máis relevantes en España e en Galicia, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente
CA1.3 Identificáronse e valoráronse as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e á cooperación internacional, ao desenvolvemento sustentable, á loita contra o cambio climático e á cidadanía global
CA1.4 Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a propia capacidade de acción, e valorouse a contribución das misións e dos programas dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos
CA1.5 Identificáronse, interpretáronse e analizáronse os principios, valores, deberes e dereitos fundamentais da Constitución española, o sistema democrático, as súas institucións e as súas organizacións sociais, políticas e económicas, así como a importancia do sistema constitucional e dos estatutos autonómicos, e explicouse a súa función como mecanismos que regulan a convivencia e a vida en comunidade
CA1.7 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA1.9 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación
CA1.10 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais

4.7.e) Contidos

Contidos
0España e Galicia en Europa: proceso de transformación e contextualización dos aspectos políticos, sociais, económicos e culturais na formación da identidade.
A Constitución española. Modelo territorial de España e de Galicia; ordenamento normativo autonómico, estatal e supranacional.
A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: orixe, xustificación e implicacións na vida cotiá.
O sistema democrático: a súa construción, os seus principios básicos recollidos na Constitución; distintos modelos e norma institucional básica dos estatutos de autonomía; o Estatuto de Galicia.
A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral cidadá e á convivencia social.
España en Europa e no mundo. A seguridade e a cooperación internacional. Os compromisos internacionais de España.
Convivencia cívica e cultura democrática: incorporación e implicación na sociedade civil. O recoñecemento dos dereitos LGTBQ+
0Discriminacións: causas e consecuencias. Movementos cara á igualdade da muller, con exemplos de mulleres relevantes da historia contemporánea. Logro dunha efectiva igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos contemporáneos e actuais.
A lei como contrato social: a constitución e o exercicio da cidadanía.
As formacións identitarias (ideoloxías, nacionalismos e movementos supranacionais).
O proceso de construción europea: integración económica, monetaria e cidadá.
Institucións europeas: orixe, principios básicos, funcionamento e funcións.
Cidadanía europea e global: ideas e actitudes para a formación dunha identidade común.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A nota dun alumno/a en cada avaliación, calcularase tendo en conta o peso que lle corresponde a cada unidade:

- UD 1: Comunicación en lingua galega e castelá. 25 %
- UD 2: Literatura en lingua castelá. 13 %
- UD 3: Literatura en lingua galega. 12%

- UD 4: A conversación en lingua inglesa. 13 %
- UD 5: A comunicación escrita en lingua inglesa. 12 %
- UD 6: As sociedades contemporáneas. 13 %
- UD 7: As sociedades democráticas. 12 %

A NOTA FINAL do módulo é a que resulta do promedio das notas medias acadadas en cada avaliación e estará comprendida entre 0 e 10 puntos.
Para superar o módulo, débese de acadar unha calificación mínima de 5 puntos.

A cualificación dependerá nun 70% das actividades realizadas na aula (apoio ás actividades de aula, participación, adecuada comprensión das actividades, contribución persoal, etc.) e nun 30% dos resultados que obteñan nos exames escritos. Dentro dese 70% constarán as cuestións teóricas e prácticas, así como os traballos e exposicións orais.

Temporalización e peso de cada unidade de COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II e SOCIEDADE II nas avaliacións (correspóndelle un peso de 75 % do total do módulo):
1ª AVALIACIÓN:
UD 1: Comunicación en lingua galega e castelá. 67 %
UD 6: As sociedades contemporáneas. 33 %
2ª AVALIACIÓN:
UD 2 Literatura en lingua castelá. 34 %
UD 3 Literatura en lingua galega. 32%
UD 7 As sociedades democráticas. 34 %

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN empregados nas unidades didácticas que compoñen a unidade formativa de COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II:
A cualificación dependerá nun 70% das actividades realizadas na aula (apoio ás actividades de aula, participación, adecuada comprensión das actividades, contribución persoal, etc.) e nun 30% dos resultados que obteñan nos exames escritos. Dentro dese 70% incluiranse proxectos de clase, exposición orais, redaccións ou presentacións, entre outros tipos de materiais. Na segunda avaliación suprimirase a proba escrita, sendo o 100% da notal un proxecto final no cal se recolla todo o estudado durante o curso académico e se traballen todas as destrezas.

Establécense como MÍNIMOS ESIXIBLES para acadar a avaliación positiva que o alumnado teña superado positivamente todos os mínimos esixibles sinalados en cada una das Unidades Didácticas, avaliados segundo o indican os correspondentes apartados.
Ademáis, os alumnos deberán:
- Non ter perdido o dereito a avaliación continua.
- Colaborar de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas.

- Ter rematado en prazo os traballos individuais ou en grupo.
- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Unha vez rematada a avaliación e, trala entrega do boletín de notas, aqueles alumnos/as que non superen a avaliación, por non alcanzar un mínimo de 5 puntos na nota final do módulo de COMUNICACIÓN E SOCIEDADE II, poderán recuperar aquela/s unidades formativas nas que obtiveron unha nota inferior a 5 puntos:

- COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II e SOCIEDADE II:

Aqueles alumnos/as que nunha avaliación non acaden un mínimo de 5 puntos (tendo en conta o peso correspondente a cada unidade) nas unidades formativas de COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II e SOCIEDADE II, realizarán unha única proba escrita que versará sobre os contidos de todas as unidades estudadas durante a avaliación; é dicir, tanto das unidades avaliadas mediante proba escrita, coma das unidades avaliadas mediante a realización de cuestións e elaboración de traballos

Esta proba versará sobre os mínimos de cada unidade e valorarase de 0 a 10 puntos. Consistirá en exercicios de comprensión lectora, expresión escrita e cuestións teóricas. Precisarase un mínimo de 5 puntos para recuperar a avaliación.

Para preparar esta proba, proporcionaráselle ao alumnado un caderno de actividades de repaso das unidades formativas de COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II e SOCIEDADE II.

- COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II

Aqueles alumnos que destaquen polas súas contribucións á comunidade de aula (profesor e alumnos) e máis ás actividades propostas polo profesor ou calquera outro membro da comunidade de aula, estarán nas mellores condicións para superar o curso. De todos xeitos, deberán concorrer aos exames escritos como forma de calcular a nota final.

Os alumnos que destaquen pola súa falta de interese e participación no seo da comunidade de aula estarán nas peores condicións para aprobar o curso pero terán dereito a presentarse aos exames escritos para calcular a súa nota en cada avaliación.

Os alumnos que non adquiran os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica ao longo do curso en cada trimestre, poderán presentarse a una proba escrita de recuperación ao final do curso e terán que ter presentado as tarefas non realizadas durante o mesmo.

A nota final da avaliación será a que resulte destas dúas probas, cun redondeo simple a partir das décimas, tendo en conta o peso que lle corresponde a cada unidade formativa:

COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II 50%

SOCIEDADE II 25%

COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II 25%

O alumnado que pase de curso coa materia pendente poderá superar a materia aprobando tanto a 1ª como a 2ª avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos/as que perdan o dereito a avaliación contínua, realizarán dúas probas escritas, unha delas versará sobre os contidos estudados, ao longo de todo o curso, nas unidades formativas de COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II e SOCIEDADE II, e a outra proba escrita, corresponderá á unidade formativa de COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II.

- COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ I e SOCIEDADE II:
A proba escrita versará sobre os contidos de todas as unidades estudadas durante todo o curso; é dicir, tanto das unidades avaliadas mediante proba escrita, coma das unidades avaliadas mediante a realización de cuestións e elaboración de traballos. Esta proba versará sobre os mínimos de cada unidade e valorarase de 0 a 10 puntos. Consistirá en exercicios de comprensión lectora, expresión escrita e cuestións teóricas.

- COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II
Os alumnos que non adquiran os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica ao longo do curso en cada trimestre, poderán presentarse a una proba escrita de recuperación ao final do curso e terán que ter presentado as tarefas non realizadas durante o mesmo.

A nota final do módulo de COMUNICACIÓN E SOCIEDADE II, será a que resulte destas dúas probas, cun redondeo simple a partir das décimas, tendo en conta o peso que lle corresponde a cada unidade formativa:
COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ II 50%
SOCIEDADE II 25%
COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA II 25%
Precisarase un mínimo de 5 puntos para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso realizarase una avaliación continua do proceso de ensino/aprendizaxe co obxectivo de mellorar a prática docente. Valorarase a obtención dos obxectivos xerais do currículo deste módulo e tamén que os/as alumnos/as teñan acadado os resultados de aprendizaxe de cada una das unidades. Ao final do curso realizarase a avaliación final desta programación e entón anotaranse as incidencias que poidan aparecer e as solucións metodolóxicas máis axeitadas.

O procedemento avaliador será o seguinte:
1 Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área.
2 Suscito os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as competencias que os meus alumnos e alumnas deben conseguir.

3 Selecciono e secuencio os contidos cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.
4 Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos, dos distintos tipos de contidos e das características dos/das alumnos/as.
5 Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustando, o máis posible, ás necesidades e intereses dos alumnos/as.
6 Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoevaluación.
7 Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.

Estos apartados serán valorados de 1 a 4, sendo 1: Non cumprido, 2: Escaso cumprimento, 3: Bastante cumprimento, 4: Cumprido

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha reunión do equipo docente nas primeiras semanas do curso para detectar posibles necesidades especiais no alumnado. Ademáis, durante a primeira semana de clases levaranse a cabo unha serie de actividades relacionadas coa Comunicación en lingua galega e castelá que nos permitirán detectar posibles carencias do alumnado con respecto a determinados elementos do currículo. Asimesmo, realizarase unha proba-diagnóstico de lingua inglesa, con actividades de uso da lingua, así como unha breve presentación oral para poder identificar o nivel da aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se, tras a avaliación inicial, se detectara alumnado con necesidades de reforzo educativo, o profesor adaptará aqueles aspectos do proceso de ensino/aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, tempos, recursos) que permitan a este alumnado a adquisición dos contidos do módulo.
Para aplicar estas medidas de atención á diversidade, será preceptivo o informe do Departamento de Orientación e máis a autorización da Dirección do centro e da Inspección educativa.

As medidas de reforzo consistirán en material adicional personalizado que se lle facilitará a cada alumno/a co fin de situalo no vieiro de converxer coa marcha do resto do curso. O deseño e seguemento deste material será individualizado, e farase en función das carencias e necesidades concretas de cada alumno/a.
Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico:
a) Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
b) Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O tratamento da educación en valores porase de manifesto:
- A través da actitude, no traballo diario na clase, na formación dos grupos, nos debates, nas intervencións na aula e directrices do profesor, etc.
- Ademais, farase especial fincapé en que, nin na linguaxe, nin nas imaxes, nin nas situacións de presentación de problemas e cuestións, nin nos textos de lectura empregados, existan indicios de discriminación por sexo, nivel cultural, relixión, riqueza, aspecto físico, etc.

Con respecto a este punto, no módulo de Comunicación e Sociedade I traballaranse unha serie de valores relacionados coas unidades didácticas, así como coa realidade que viven os propios alumnos. Entre eles destacan:
Educación para a igualdade entre ambos sexos
Educación para o consumo
Educación para os dereitos humanos e a paz (multiculturalidade)
Educación moral e cívica (para a convivencia)
Educación vial

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as que veñan propostas tanto polo departamento didáctico que lles corresponde como polo equipo docente que imparte os ámbitos de Ciencias Aplicadas e Comunicación e Sociedade. Estas actividades iranse programando nas sucesivas reunións de equipo e departamento.

10.Outros apartados

10.1) Accesibilidade da programación

A presente programación daráselle a coñecer ao alumnado, e estará á súa disposición para poder ser consultada en calquera momento que o precisen. Para isto, disporán dunha copia en formato papel depositada na aula do grupo, e tamén terán acceso a unha copia da mesma en formato dixital na web do CIFP A Xunqueira, concretamente no curso "Comunicación e Sociedade II".